



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO. FASE 2 (Exp ref 12-2016). Apertura de oferta económica.

Sendo as 12.30 horas do día 1 de setembro de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo dona Ana Tabarés Martínez, técnica de administración xeral do servizo de Contratación e actuando como vocais:

Dona Maria García Ferro Vicesecretaria do Concello de Lugo acutando pola Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, don Angel Riva Cabana arquitecto municipal actuando como secretario don Jesús Gandoy Cerceda técnico de patrimonio.

Así mesmo asiste dona María Pilar Abuín Randulfe en representación da Asociación Provincial de Empresarios da construción (APEC).

Dáse conta da documentación presentada por Excavaciones y transporte IVANCA S.L. no prazo de subsanación resultando que o técnico que se compromete a adscribir como xefe de obra non cumpre os requisitos esixidos en canto a titulación e experiencia conforme resulta do informe emitido por EVILUSA á vista da dita documentación, motivo polo cal os membros da Mesa acordan a exclusión do procedemento da dita empresa.

A continuación procédese por parte do Sr. Presidente da mesa á apertura dos sobre B (Oferta económica e suxeita a criterios avaliábeis automaticamente), co seguinte resultado:

- **ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L**, propón como prezo de contrato 142.300 euros, polo que sumado o IVE (21%) , 29.883 euros, resulta un total de **172.183 euros, IVE incluído** e un **prazo de garantía de 24 meses a maiores do mínimo**.

Dita empresa **NON ten previsto subcontratar** a realización parcial deste contrato sen prexuízo da comunicación que se realizará no caso de realizar outras subcontratacións durante a execución da obra de conformidade co artigo 227 do TRLCSP.

- **PORTOSAR GALICIA S.L.U** propón como prezo de contrato 136.356 euros, polo que sumado o IVE (21%) , 28.634,76 euros, resulta un total de 164.990,76 **euros, IVE incluído** e un **prazo de garantía de 24 meses a maiores do mínimo**.



CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: ACTA ECONÓMICA cuartel san Fernando

Asunto:

Así pois a mesa de contratación propón como oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello de Lugo a presentada pola empresa **PORTOSAR GALICIA S.L.U.**

Non obstante, os membros da Mesa fan constar que esta obra está financiada parcialmente pola Xunta de Galicia e que debe estar a obra rematada e xustificada o 30 de novembro de 2016. O prazo de execución fíxase nos pregos en 14 semanas e a súa redución non é obxecto de avaliación polo que advirtese neste momento que non se poderá cumprir o prazo de execución previsto (30 de novembro) agás a empresa contratista se comprometa á súa execución nun prazo menor que permita xustificar a obra no prazo sinalado. Esta circunstancia debería comunicarse á empresa seleccionada aos efectos de acadar un compromiso con ela e coa advertencia de imposición de penalidades previstas no prego, caso contrario deberán adoptarse as medidas oportunas.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo. Ana Tabarés Martínez

O SECRETARIO

Asdo. Jesús Gandoy Cerceda